



UNIDADE
DIDÁCTICA

PRIMARIA

ARTE NA
ESCOLA

ÍNDICE:

	PÁXINAS
INTRODUCCIÓN _____	3
OBXECTIVOS _____	3
CONTIDOS _____	4
COMPETENCIAS _____	4
METODOLOXÍA _____	4 - 5
ACTIVIDADES _____	5 - 11
MÁIS INFORMACIÓN _____	11

INTRODUCCIÓN:

A presente unidade didáctica ten por obxecto familiarizar aos nenos e nenas da etapa de Educación Primaria cunha figura tan importante como a de Maruxa Mallo.

O desenvolvemento da unidade está directamente relacionado con “ELA”, a obra presentada por Caramuxo Teatro na que se descobre o imaxinario desta artista misturando poesía, humor, teatro e danza.

Caramuxo Teatro é unha compañía nada na Coruña formada por Juan Rodríguez e Laura Sarasola que traballa dende o ano 2003 na creación de espectáculos para o público infantil e familiar.

No ano 2003 estrean “Glub Glub”, o primeiro espectáculo para bebés feito en Galicia. Esta obra foi seguida doutras como “Zapatos” (obtivo unha mención especial na XXVI Mostra Internacional de Vall d’Albaida), “Ñam”, “Na casa”, “Redondo”, “Feo” (Premio María Casares 2016 ao mellor espectáculo infantil), “Pavillón Lino” ou “A nena que vivía nunha caixa de mistos”.

Caramuxo Teatro ten dende a súa orixe un especial interese polo traballo adicado a primeira infancia, creando montaxes específicas para estas idades. Colabora directamente con centros de educación infantil nos que en moitas ocasións desenvolven o seu traballo adaptándoo as necesidades das escolas.

Coas súas creacións participaron en varios ciclos específicos de teatro para bebés como “El calderón en pañales” en Valladolid, dentro de programacións infantís como “Todo público”, “Galicreques”, a “M.I.T.” (programación específica infantil del Teatre Escalante en Valencia), a Fetén ou Galicia Escena Pro.

A súa experiencia no eido audiovisual inclúe a primeira e segunda tempada da serie “Os Bolechas” para a segunda canle da TVG.

A liña de traballo céntrase nuns textos elaborados a partir da experiencia no campo educativo, cunha estética coidada e unha escolla musical axeitada de modo que o resultado sexa un traballo poético, emotivo e visual para gozar en familia. A compañía quere conseguir ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel educativo, cultural e artístico que consigan a fidelización do público.

A través de “ELA” a compañía quere dar a coñecer e homenaxear a unha das principais representantes das vangardas artísticas a nivel internacional do seu momento.

Con esta unidade preténdese que o alumnado coñeza o universo artístico de Maruxa Mallo e a importancia da súa figura.

O desenvolvemento desta unidade é unha actividade previa á visualización do espectáculo.

OBXECTIVOS:

- Coñecer a figura de Maruxa Mallo.
- Identificar algúns dos rasgos máis significativos do estilo desta artista.
- Identificar algunhas das obras máis significativas da artista.
- Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia e aprender a actuar conforme a elas.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e en grupo.
- Fomentar o desenvolvemento de actitudes de autoconfianza, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a curiosidade.
- Adquirir habilidades para a prevención e resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse de maneira satisfactoria no seu grupo social.
- Exercitar a capacidade de verbalización e transmisión de emocións, pensamentos, interpretacións e ideas.
- Empregar diferentes representacións e expresións artísticas para construír propostas artísticas persoais.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais de Galicia, destacando a presenza de creadoras tan importantes como Maruxa Mallo.
- Exercitar o pensamento creativo e diverxente e a resolución de problemas.
- Fomentar o desenvolvemento de hábitos de limpeza e orde nos seus traballos.

CONTIDOS:

- Valoración e respecto polas obras plásticas do seu entorno.
- Valoración da limpeza, orde e presentación na realización dun traballo.
- Observación e exploración sensorial dos elementos plásticos presentes no ámbito natural, artificial e artístico.
- Descrición verbal de sensacións e observacións de obras plásticas.
- Expresión oral das impresións que xera a obra artística.
- Exploración de distancias e situacións de obxectos nas composicións.
- Uso de diferentes formas, texturas e cores nas producións.
- Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, volumes,...
- Manexo axeitado de materiais, instrumentos e espazos.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto.
- Aproximación a profesións do ámbito artístico.
- Experimentación con diferentes soportes e técnicas artísticas.
- Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do contorno próximo.
- Experimentación con diferentes tipos de liñas.
- Exploración visual da figura humana.
- Respecto polas achegas dos/as compañeiros/as e vontade de resolución das diferenzas.
- Establecemento de protocolos de actuación na observación de obras artísticas.
- Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.
- Respecto polas normas e pola distribución das tarefas establecidas no grupo.
- Comunicación das apreciacións obtidas a través da observación.
- Elaboración de producións plásticas mediante técnicas mixtas.

COMPETENCIAS:

Ao longo da unidade trabállanse as seguintes competencias:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):** trátase dunha competencia transversal que ten un lugar preferente no traballo diario. Foméntase o emprego da linguaxe oral e escrita como instrumento de comunicación, de reflexión, de diálogo, de acceso ao saber e de construción e transmisión do coñecemento.
- **Competencias sociais e cívicas (CSCS):** empregamos a arte como canalizadora de aprendizaxes relativas á convivencia social, á importancia do benestar colectivo, á organización do traballo, á igualdade, á non discriminación, ó respecto aos demais.
- **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC):** foméntase o respecto ás diferentes manifestacións culturais, o espírito crítico, o desenvolvemento da propia expresión persoal e o interese pola conservación do patrimonio cultural e artístico.
- **Competencia para aprender a aprender (CAA):** traballamos as habilidades para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe de xeito autónoma e grupal.
- **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** trabállanse destrezas como a capacidade de planificación, análise, organización, xestión, toma de decisións, a resolución de problemas, o sentido da responsabilidade,...

METODOLOXÍA:

Coa metodoloxía empregada búscase a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado adaptándose aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe. Trabállanse elementos curriculares mediante propostas que implican a resolución de problemas en contextos da vida real.

Trátase dunha metodoloxía comunicativa, inclusiva, activa, participativa, orientada á consecución dos obxectivos e competencias clave e a permitir que cada alumno/a poda aprender ao seu propio ritmo, de xeito individual e grupal.

As actividades permiten traballar máis dunha habilidade ao mesmo tempo, pretenden fomentar a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido

crítico.

ACTIVIDADES:

Sesión 1:

Distribuiremos arredor da aula diferentes obxectos artificiais e materiais naturais: plastilina, area, barro, algodón, teas, corda, la, pezas de quebracabezas, papel de diferentes texturas (cartón ondulado, cartolina, papel seda, papel crepe, cartón de ovos, panos de mesa, papel charol, papel cebola,...). Ademais, en cada mesa de traballo o alumnado disporá de lapis, cores, ceras, pegamento, rotuladores, acrílicos.

Cada nena/o escollerá un máximo de cinco materiais e elaborará unha composición que pode ser plana (colaxe) ou con volume (unha escultura, unha construción).

Primeiro pediráselles que dediquen uns minutos a conceptualizar a súa obra, o que van crear e os materiais que van precisar. Se lles resulta máis práctico, poden facer un bosquexo da súa idea.

Unha vez que rematen o seu traballo, compartirán as súas ideas e cada un/unha explicará a súa creación aos compañeiros/as.

Sesión 2:

Do mesmo xeito que eles/elas o día anterior crearon a súa obra empregando diferentes materiais e obxectos, outros/as artistas fan o mesmo. Unha destas artistas é Maruxa Mallo.

Deseguido mostraráselles a seguinte imaxe na que se pode ver á artista no seu estudio con algunhas das súas creacións e explicaranse algúns dos detalles máis salientábeis da súa biografía.



Deseguido presentaremos o cadro “Elementos para el deporte”:



Visualizaremos o cadro durante algúns minutos. A modo de xogo trataremos de atopar todos os obxectos que aparecen na imaxe facendo preguntas do tipo: hai unha raqueta?, hai un avión?, hai un coche?,... Unha vez identificados os distintos elementos do cadro, a proposta consistirá en recrealo.

Para iso, a clase dividírase en catro grupos. Tres destes grupos serán os encargados de facer o fondo do cadro. Terán unha reprodución na que se vexan os elementos do cadro que forman parte do fondo. Os elementos que deben faltar son o avión, a raqueta, o abanico, a pelota e o taboleiro de xogos. Cada un destes grupos pintará unha parte desta reprodución con cores ou con acrílicos. O cuarto grupo será o encargado de facer o taboleiro de xogos. Terán que unir con pegamento cadrados brancos e negros feitos con bolsas de lixo.

Sesión 3:


Unha vez secos o fondo do cadro e o taboleiro, centrarémonos en conseguir os catro elementos que nos faltan: o avión, a raqueta, o abanico e a pelota.

Para iso formaranse catro grupos. Cada grupo será o encargado de obter un destes elementos. Para elo, todos/as deben pensar cal é a mellor forma de conseguir ese obxecto. Poderán escoller entre dúas opcións: pedilo prestado a compañeiros/as de outras clases ou facelo por si mesmos/as. Para que esta opción sexa factible o alumnado disporá na aula de materiais cos que podan elaboralos (láminas, la, papel, pegamento, paus de xead, teas,...). Cada grupo comunicará a súa idea ao titor/a, quen guiará os pasos a seguir por cada grupo na dirección axeitada.

Unha vez obtidos ou fabricados, estes obxectos reservaranse xunto coas demais partes do cadro para incluílo como parte da exposición que montaremos ao final da unidade na entrada do colexio e que permanecerá alí ata o remate do curso.

Sesión 4:

Presentaremos o cadro "El pescador" empregando unha diapositiva que nos permita ver a imaxe con moito grado de detalle:




Arquitectura humana (El pescador), 1937

Obra original de Maruja Mallo © Todos los derechos reservados

tititalló

Falaremos co grupo sobre o que poden observar na imaxe, o que lles chama a atención, que elementos identifican, que cren que significa, que pasa se tapo a metade da imaxe,.... Neste último suposto, podería imaxinar ou descubrir o que hai debaixo da parte cuberta?. Mostraremos a obra "Airagu" (pode verse deseguido) na que se aprecia unha perfecta simetría para así traballar este concepto co alumnado.



Unha vez vistas as diapositivas e tratados estes aspectos, entregaráselle a cada alumno/a unha lámina do cadro na que só se verá media figura. Eles/elas deberán debuxar a outra metade que falta a lapis e despois coloreala libremente. O debuxo debe ser o máis exacto posible. No caso dos máis pequenos, pódese sinalar algún punto de apoio na lámina para que lles sexa máis doado detectar ata onde teñen que levar as liñas. Os maiores poden empregar regras e todos os elementos que consideren necesarios para completar a ficha coa maior precisión posible.

Sesión 5:


Presentaremos o cadro “Racimo de uvas”:



Falaremos entre todos/as dos elementos que se ven no cadro e do seu significado. Deseguido cada un/unha fará a súa propia representación da obra. Para elo, deberán coller unha cartolina e facer primeiro o fondo do cadro pintando coa cor correspondente en posición deitada para que a cor non quede moi forte. Como segundo paso, teñen que empregar pólas pequenas e follas naturais para formar a parte superior da imaxe e unilas con cola ao papel. No paso final, primeiro deben coller unha esponxa húmida e pasala pola área na que van as uvas. Despois empregarán tapas do pegamento ou tapóns de botellas baleiras para mollalas en acuarelas e estampalas na cartolina formando as uvas do acio. Deste xeito poderán tamén xogar cos claros e os escuros que se ven na obra. Deixaremos secar as composicións toda a fin de semana.

Sesión 6:

Nesta sesión coñeceremos dúas novas obras desta artista: "El canto de las espigas" e "Sorpresa del trigo".



Durante uns minutos falaremos do que se ve en cada un dos cadros, que figuras e elementos identifican (diferentes partes do corpo humano, o trigo), que semellanzas e diferenzas hai entre os dous cadros,....

Unha vez feito isto, pediráselles que seleccionen o cadro que máis lles gustou e contesten á seguinte pregunta: que historia nos conta esta obra?.

Cando cada un/unha teña elaborada por escrito a súa interpretación, contarán o relato aos seus compañeiros/as.

De ser necesario, este traballo desenvolverase durante dúas sesións.

Sesión 7:

Hoxe traballaremos a partir da seguinte imaxe:



Mural del cine Los Ángeles, panel izquierdo, Buenos Aires, 1945

Obra original de Maruja Mallo © Todos los derechos reservados

ttt ttallo

Falaremos do que ven na diapositiva, que imaxes recoñecen. Explicaráselles que esta imaxe forma parte dun mural e a historia do mesmo. A proposta consistirá en realizar o noso propio mural.

Antes de comezalo teremos que acordar entre todos e todas cal vai ser a temática do noso mural, que historia queremos contar e que elementos teñen que aparecer para darlle sentido a nosa historia. Unha vez definidos estes aspectos, cubrirase con papel mural unha parte da parede situada na entrada do colexio. Cada alumna/o disporá dun tramo de ese mural para que faga a súa contribución á obra conxunta que deseñamos entre todos/as. Os materiais que se poden empregar para o debuxo son témpera negra, lapis negros e pinceis.

Sesión 8:


Rematamos de facer o mural.

Sesión 9:

Hoxe visitaranos unha ceramista. Ela explicará aos nenos e nenas en que consiste o seu traballo e ensinaralles a facer un prato con pasta de modelar. Unha vez feitos deixarémolos secar ata o vindeiro día.

Sesión 10:

Presentaremos a seguinte imaxe:



Pedirémoslles que fagan de detectives e que nos digan a que cren que corresponde a imaxe. Unha vez feita a posta en común, explicaremos a que corresponde e analizaremos cada figura respondendo a varias cuestións: que pasa se dobro pola metade o deseño inferior da dereita?, que observan se miran fixamente o deseño que está no centro á dereita?. Analizamos as conclusións ás que chegamos entre todos/as.

Deseguido propoñemos que cada un/unha faga o seu propio deseño no prato que fixo o día anterior, simulando o estilo da artista. Como materiais para decorar empregarán acrílicos e pincel.

Sesión 11:

Levaremos todos os traballos realizados durante estes días ao espazo destinado á exposición: o mural que xa fixemos nesa mesma zona, a nosa versión da obra "Elementos para el deporte" (montarémola no chan por capas: primeiro o fondo, enriba o taboleiro de xogos e finalmente na posición correspondente o avión, o abanico, a pelota e a raqueta), as nosas composicións de "El pescador", os "Racimos de uvas", as historias que cada un/unha creou a partir dos cadros "El canto de las espigas" e "Sorpresa del trigo" e, finalmente, os pratos decorados.

Unha vez montada a exposición, dividiranse en pequenos grupos e percorreren as distintas aulas do colexio convidando a todos os compañeiros e compañeiras a aproveitar para ir ver a mostra indicándolles onde está situada, que é o que poden ver nela e explicándolles todo o que aprenderon sobre Maruxa Mallo ao longo da unidade.

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://www.caramuxoteatro.com/>